



Prazo de presentación de obras:
Do 15 de febreiro ao 14 de marzo, ambos inclusive.

BASES XXXI CONCURSO DE PINTURA “PIÑEIRO POSE”

1. Obxecto

O concello de Mugardos convoca a XXXI Edición do Concurso de Pintura “Piñeiro Pose”, en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade co sinalado no artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS en adiante) co obxectivo de fomentar a través da pintura na infancia e na mocidade o desenvolvemento das destrezas de creatividade e habilidades comunicativas, pondo en valor a paisaxe, contorna e tradición.

2. Persoas participantes

Poderá participar calquera persoa artista de nacionalidade española e estranxeira, menor de idade e residente en España; o límite de idade enténdese en referencia á data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A inscrición, Anexo I, ira acompañada do Anexo II, no cal figura expresamente a aceptación das bases e autorización de participación do/a menor asinado pola nai e o pai ou tutor legal. As persoas que asinen en representación de menores deben xuntar tamén fotocopia do seu documento de identidade.

Todo iso acreditarase no momento de presentación das solicitudes na forma prevista no apartado que regula a inscrición.

Cada participante poderá presentar unha obra, que será única e orixinal, nunca copia doutra, realizada de forma libre sen intromisión alguna, nin poden ter sido presentada ou premiada con anterioridade noutro certame. De darse o caso a persoa participante será descalificada.

TEMA: A NOSA TERRA paisaxe, contorna e tradición: pasado, presente e futuro

TÉCNICA: LIBRE

TAMAÑO MÁXIMO: 150 X 150 cm.

De acordo con o establecido no artigo 6 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, a persoa solicitante poderá autorizar expresa a este Concello para a petición e obtención da información relativa a estar ao corrente coas súas obrigas tributarias coa AEAT, debendo constar devandito consentimento na solicitude de concesión ou en calquera outra comunicación posterior.

3. Obras

As **obras** poderán estar, enmarcadas ou non, acondicionadas para a súa exposición. Os traballos entregaránse extendidos e protexidos con papel e/ou cartón, non enrollados ni dobrados. As obras en papel deberán vir protexidas con cristal ou metacrilato.



Prazo de presentación de obras:
Do 15 de febreiro ao 14 de marzo, ambos inclusive.

Non se admitirá a inclusión nas obras de contidos ofensivos, que firan a sensibilidade ou inciten a condutas discriminatorias ou violentas reservándose a organización o dereito para excluír aos participantes que, segundo o seu criterio, non cumpran coas condicións esixidas no certame. As obras presentaranse indicando na parte traseira o pseudónimo do autor.

Non se admitirán obras asinadas na súa fronte

Ademais, acompañarase un sobre pechado (plica), indicando no exterior o pseudónimo. No seu interior ira a ficha de inscrición donde figuren os datos relacionados na base 5. Inscrición.

4. Presentación e prazo de entrega.

As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación esixida, no Rexistro do Concello de Mugardos:

- a) Electronicamente, accedendo á Sede electrónica do Concello, disponible na ligazón <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>, segundo o modelo disponible no seguinte enlace web do Concello www.mugardos.gal ou mediante a ficha de inscrición anexa ás presentes Bases. Nese caso deberá utilizar algún dos certificados electrónicos admitidos polo concello.
- b) Presencialmente, nas oficinas de rexistro do Concello de Mugardos, ou mediante as demais formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPAC).

As obras presentaranse, ademais, no Departamento de Cultura do Concello de Mugardos, avda. de Galicia núm. 45-1º 15620 Mugardos (A Coruña). Só recolleranse as obras cando se acredite que a solicitude de participación foi rexistrada en prazo.

O prazo de presentación das solicitudes e entrega das obras será de vinte (20) días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria no BOP, via BDNS, en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

5. Inscrición.

A inscrición ó concurso é totalmente gratuíta e deberán entregarse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- **Anexo I:** Ficha de inscrición na que figuraran os seguintes datos:
 - Pseudónimo do artista
 - Título da obra
 - Data de execución
 - Técnica



Prazo de presentación de obras:
Do 15 de febreiro ao 14 de marzo, ambos inclusive.

- Medidas
 - Nome completo do/a autor/a
 - Enderezo postal
 - Idade
 - Teléfono de contacto
 - Enderezo correo electrónico
 - Fotocopia DNI, ou libro de familia
- **Anexo II:** Asinado pola nai e o pai/ ou tutor/a legal, donde se autoriza a participación da/o menor no concurso, a aceptación das bases na súa totalidade, da política de Protección de Datos e a cesión da obra e o permiso para que o menor participe no acto de entrega de premios e toma de imaxes.

Toda a documentación deberá presentarse nun sobre pechado, no exterior figurará o concurso e a categoría á que se presenta. Non se aceptarán traballos despois da data indicada.

As persoas participantes deberán asegurarse de proporcionar datos reais e verificables, sobre todo un enderezo e teléfono válidos, xa que será a vía que empregará a organización para contactar co concursante para comunicarlle a súa condición de gañador/a de ser o caso.

O feito de concursar supón a aceptación íntegra das presentes bases.

6. Xurado

O Xurado estará composto pola presidenta, tres vogais e a secretaria.

Presidenta: Begoña Roldós Iglesias, concelleira delegada de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes (R.A. 1110/2020 de 17.12/2020), ou persoa en quen delegue.

1º Vogal: Gañador/a da última edición do Concurso Bello Piñeiro.

2º Vogal: Persoa de relevancia do movemento cultural.

3º Vogal: Artista vinculado/a ó municipio ou á comarca.

Secretaria: Persoal administrativo do departamento de Cultura do concello, que actuará con voz pero sen voto.

Tódolos traballos serán recepcionados pola comisión organizadora e sometidos a avaliación por un **Xurado** imparcial e cualificado, que dará o seu veredicto final e inapelable.

No caso de que o número de obras presentadas sobrepase a capacidade da sala de exposicións o xurado fará una preselección das obras presentadas, que pasarán á fase de concurso e serán expostas, no local que se indique, garantindo así a calidade da exposición.

O xurado é o único responsable da interpretación destas bases, así como da resolución de calquera incidencia que puidese presentarse no desenvolvemento do certame.



Prazo de presentación de obras:
Do 15 de febreiro ao 14 de marzo, ambos inclusive.

7. Selección e fallo do xurado.

O xurado outorgará a súa puntuación entre as obras seleccionadas para exposición. Habrá unha única acta do certame, na que se reflectirá a composición do xurado, as puntuacións emitidas atendendo á súa calidade artística e todas aquelas incidencias que o xurado considere dignas de resaltar e elevarase inmediatamente ao órgano instructor.

A puntuación máxima será de 10 puntos:

- Orixinalidade e innovación tendo en conta a temática do concurso (2 puntos)
- Creatividade (2 puntos)
- Calidade artística (3 puntos)
- Dificultade técnica (3 puntos)

8. Premios

Os premios serán entregados ás persoas participantes, quenes acreditarán a súa identidade dacordo coa lei. Os premios poderán declararse desertos. As persoas concursantes concursantes adquiren o compromiso de acudir ó acto de entrega dos premios no caso de resultar premiada a súa obra.

Establécense dúas **categorías** cos seus respectivos premios:

- **Ata os 12 anos**, inclusive:

-1º Premio: Tablet educativa ou tabletwifi, valorada en 250€.

- 2º Premio: Material de pintura por valor de 150€

Premio ó mellor pintor/a local: material de pintura por importe de 50€

- **De 13 a 17 anos** inclusive:

-1º Premio: Tabletwifi 16 gb., valorada en 300€.

2º Premio: Material de pintura por valor de 200€

Premio ó mellor pintor/a local: material de pintura por importe de 50 €.

A persoa participante que opte á categoría de mellor pintor/a local deberá estar empadroado no Concello de Mugardos (comprobarase de oficio).

O xurado asignará ademáis, dous accésits/mencións de Honor co motivo de estimular a participación dos mais novos e a calidade do concurso.

O importe dos premios que se adxudiquen estará asignado á aplicación orzamentaria 2022.334.48100 do orzamento vixente.

Ós premios aplicaráselle a retención fiscal que corresponda segundo a lexislación vixente nese momento.

9. **Os cadros premiados** serán devoltos ós seus autores, a cambio deberán ceder os dereitos de imaxe, polo que a organización poderá difundir e reproducir a imaxe da obra con enteira liberdade. Así mesmo se adquire un compromiso por parte do autor/a



Prazo de presentación de obras:
Do 15 de febreiro ao 14 de marzo, ambos inclusive.

de ceder temporalmente a obra para futuras exposicións durante a duración das mesmas.

10. Exposición e entrega de premios

A inauguración da exposición e a entrega de premios farase público mediante anuncio publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do concello.

Unha vez finalizada a exposición, as obras que non fosen premiadas deberán ser retiradas no prazo dos dous meses seguintes ao remate da exposición. Para a retirada será necesario achegar o xustificante de recepción. Transcorrido este prazo, as non retiradas pasarán a ser propiedade do distrito quen poderá dispoñer libremente das obras.

11. Tratamento das obras presentadas

O Concello porá todo o coidado posible no tratamento das obras presentadas. Non obstante, non se responsabilizará das perdas, danos ou extravíos debido a roubos, roturas ou desperfecto, causas de forza maior ou calquera outro acto ou causa alleos á súa vontade.

12. Publicación

A convocatoria do certame publicarase no BOP de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e na súa páxina web, sen prexuízo da publicidade que, a través dos medios de comunicación e outras fórmulas, se realice polo distrito para unha maior difusión do certame.

13. Instrucción.

A convocatoria e resolución do presente concurso corresponde á concellería delegada de Facenda, Persoal e Participación cidadá.

A instrución do procedemento corresponde ao servizo de Cultura, que elevará a correspondente proposta de resolución conforme á acta do xurado.

A proposta de resolución elevarase á concellería delegada de Facenda, Persoal e Participación cidadá e unha vez ditada Resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e de xeito complementario na súa páxina web. De conformidade co artigo 45.1.b) da LPAC, esta publicación substituirá á notificación producindo os seus mesmos efectos.

Prescídese do trámite de audiencia na proposta de resolución ao non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións que as aducidas polas persoas participantes.



Prazo de presentación de obras:
Do 15 de febreiro ao 14 de marzo, ambos inclusive.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses a contar desde a data de publicación da convocatoria, de conformidade co disposto no artigo 25.4 da LXS.

A resolución pola que se conceden os premios pon fin á vía administrativa.

Non procede o pago por resultados dado que o importe dos premios non depende dos resultados obtidos.

14. Outras determinacións.

As persoas gañadoras estarán obrigadas a devolver o premio se se comprobase que o seu traballo fora premiado anteriormente. Do mesmo xeito, deberán devolver o premio se non se acreditase o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases.

15. Réxime xurídico.

Á presente convocatoria seralle de aplicación o disposto para a concesión de axudas públicas na Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Mugardos (DOG núm. 183/25.09.2013) salvo naqueles aspectos que pola súa especial natureza, non lles resulte de aplicación.

Na súa falta e coa mesma salvedade e en defecto de desenvolvemento regulamentario propio, en atención á DA10ª LXS, estarase ao sinalo en dita Lei, Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Mugardos, documento asinado electrónicamente á marxe.

A concelleira delegada de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes
(RA Nº 1110/2020, 17.12.2020) Begoña Roldós Iglesias.



Prazo de presentación de obras:
Do 15 de febreiro ao 14 de marzo, ambos inclusive.

ANEXO I
FICHA DE INSCRIPCIÓN 2022
CONCURSO DE PINTURA PIÑEIRO POSE
CONCELLO DE MUGARDOS

PSEUDÓNIMO DO ARTISTA	
TÍTULO DA OBRA	
DATA DE EXECUCIÓN	
TÉCNICA	
MEDIDAS	
NOME COMPLETO DO AUTOR/A	
ENDEREZO POSTAL	
IDADE	
TELÉFONO DE CONTACTO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
NÚM. DNI	
DATOS: NAI E PAI/OU TITOR/A LEGAL	

Documentación que ten que acompañar a ficha de inscrición:

- Fotocopia do documento de identidade do autor ou autora (ou do libro de familia no caso de menores).
- Fotocopia do documento de identidade de ambos proxenitores /ou titor/a ou representante legal (no caso de menores).



Prazo de presentación de obras:
Do 15 de febreiro ao 14 de marzo, ambos inclusive.

**ANEXO II
FICHA DE INSCRICIÓN 2022
CONCURSO DE PINTURA PIÑEIRO POSE
CONCELLO DE MUGARDOS**

Datos da nai e pai/ou titor/a legal:

- Nome e apelidos:

- Núm. documento de identidade:

Declaro baixa a miña responsabilidade*

Que ambos proxenitores ostentamos a patria potestade do menor sen que exista resolución xudicial que se pronuncie ao respecto.

Autorizamos/o a miña filla ou fillo

.....

a participar no Concurso de Pintura Piñeiro Pose, convocado polo Concello de Mugardos, e a asistir ó acto de entrega de premios e toma de imaxes. Coa firma da presente autorización acepto expresamente na súa totalidade as bases do Concurso, a política de Protección de Datos e a cesión da obra.

Asinado

*No caso de que de xeito excepcional non se subscriba a autorización por ambos proxenitores debe facerse mención expresa á causa pola que non se conta coa autorización de ambos achegando documentación xustificativa.